

Ratios en secundaria

Alegrámonos de que a Consellaría se vexa obrigada a emendar, aínda que sexa parcialmente, un dos apartados máis vergoñentos do acordo asinado en 2023. Aquel acordo anunciaba unha redución de ratios en secundaria e bacharelato, mais deixaba sen calendario real a súa aplicación nestas etapas, remitindo a negociación a un momento posterior, concretamente ao curso 2026/27, cando rematase a redución de ratios na Educación Infantil. É evidente que as mobilizacións deste curso e a presión do profesorado obrigaron a rectificar unha situación que a CIG-Ensino xa denunciara no seu momento.

Agora ben, este avance é claramente insuficiente. Non se pode vender como unha gran medida unha redución que **non comezaría até o curso 2028/29**. Estamos a falar de agardar dous cursos máis para iniciar unha baixada de ratios que xa debería estar implantándose no vindeiro curso.

A Consellaría pretende presentar como iniciativa propia unha medida que, no caso da ESO, sitúa o inicio da aplicación exactamente no curso previsto polo calendario estatal do Ministerio. Isto non pode converterse nun xogo político entre administracións para ver quen anuncia antes a medida ou quen consegue atribuírse o mérito. Como lle dixemos ao Ministerio, dicímosllo tamén á Consellaría: a

baixada de ratios na secundaria ten que comezar xa no curso 2026/27. Non hai motivo que xustifique agardar até 2028/29.

E aínda menos comprensíbel é que se se vai tardar dous anos en implantar as novas ratios se deixe, para a aplicación desta medida, un período transitorio excepcional de catro anos **para que se poidan manter as ratios actuais**.

Tamén é **insuficiente a proposta para o Bacharelato**. A CIG-Ensino considera que a ratio máxima nesta etapa debe situarse tamén en 25 alumnos e alumnas por aula, e non en 30. Non ten sentido defender a mellora da atención educativa e das condicións de traballo do profesorado e, ao mesmo tempo, manter grupos de Bacharelato con 30 estudantes, tendo en conta que a ratio actual está en 33.

Ademais, a proposta deixa nunha situación especialmente **preocupante o calendario de Bacharelato**. Se a

implantación se realiza de maneira progresiva a partir de 1º da ESO, a aplicación efectiva en

Bacharelato podería quedar desprazada até os cursos 2032/33 e 2033/34. Isto é absolutamente inasumíbel. Non se pode anunciar unha baixada de ratios en Bacharelato e, na práctica, adiala durante seis ou sete anos.

Para a CIG-Ensino, a redución de ratios non pode ser unha medida propagandística nin unha

A redución de ratios en todas as etapas é necesaria **XA**, non dentro de dous, cinco ou sete cursos.

cuestión que se leve á Mesa Sectorial como un acordo xa pechado fóra dela. Ten que ser unha medida real, con calendario inmediato, con dotación de profesorado e cun compromiso orzamentario suficiente.

A redución de ratios en todas as etapas é necesaria xa, non dentro de dous, cinco ou sete cursos.

Cadro de aplicación da redución de ratios

Curso	Infantil e primaria	Secundaria e Bacharelato	Proposta da CIG-Ensino
2024/25	4º de E.I.	-	Que a baixada de ratios en Primaria, na ESO e no Bacharelato comece no curso 2026/27.
2025/26	5º de E.I.	-	
2026/27*	6º de E.I.	-	
2027/28	1º de Primaria	-	Que se acelere a aplicación da redución de ratios.
2028/29	2º de Primaria	1º da ESO	Que o Bacharelato baixe a 25 alumnos e alumnas por aula.
2029/30	3º de Primaria	2º da ESO	
2030/31	4º de Primaria	3º da ESO	Que se negocie tamén a redución de ratios na Formación Profesional, en réxime especial e no resto de ensinanzas.
2031/32	5º de Primaria	4º da ESO	
2032/33	6º de Primaria	1º de Bacharelato	
2033/34	—	2º de Bacharelato	

** Segundo o Acordo de 2023, a negociación do calendario de aplicación da redución de ratios na ESO e no Bacharelato tería lugar no curso 2026/27, non este curso, polo que o anterior calendario demostra dúas cousas: que a presión das mobilizacións deste curso obrigou a mover a posición inicial da Consellaría, mais tamén que a proposta segue sendo insuficiente, lenta e pouco ambiciosa.*

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal